



#### BEGOÑA BAS LÓPEZ

Begoña Bas López, Doutora en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, orienta os seus estudos cara a Etnografía e especialízase en temas de arquitectura tradicional, para os que foi becada pola Deputación de Pontevedra e polo Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales do Ministerio de Cultura. A súa liña principal de investigación é o coñecemento da arquitectura tradicional no seu conxunto e na súa significación. Hórreos e muiños foron, respectivamente, os temas da súa tese de licenciatura e tese de doutoramento. Ten participado en proxectos de planea-

mento do territorio, inventarios do Patrimonio, etc., presentado comunicacións en congresos, coloquios e seminarios, publicado libros e artigos en revistas de investigación. A museoloxía (ecomuseos, museos integrais), a historia da técnica, a recuperación do Patrimonio Etnográfico, son tamén temas sobre os que traballa, e no eido da divulgación e didáctica desenvolve o seu labor con conferencias, publicacións e colaboracións con profesionais do ensino. Está adscrita ao Museo Arqueolóxico de A Coruña, como Técnico de Museos.

Algúns títulos dos seus libros. “As

construcións populares: un tema de etnografía en Galicia”, “Camiños, pasos e pontes”, “Muiños de mares e de vento en Galicia” etc.

Algúns títulos de artigos: “Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos”, “Introdución ao estudo dos muiños de aceite en Galicia”, “Análisis de un proceso de cambio y desaparición en la tecnología tradicional de Galicia”, “Primeras menciones sobre los molinos de mareas en Galicia”, “Observacións de carácter etnolóxico sobre as denominacións do muiño en Galicia”, “¿Galicia: ... y qué hacemos ahora con los molinos de mareas?”, etc.



# *Notas sobre función, arte e diversidade no hórreo*

*Begoña Bas López*

Fotos: *Xosé Arturo Fernández Araujo*

O hórreo é unha construción senlleira da arquitectura tradicional de Galiza, e tanto a nivel arquitectónico, etnolóxico como histórico encontrámonos perante unha das mostras máis interesantes. No hórreo danse unhas características que desenvolven o que se podería considerar como principios da arquitectura tradicional.

A súa función é a da desecación e a conservación das espigas de millo. A comezos do outono chega o tempo da colleita, pois os grans xa están maduros como para separar a espiga da cana, ou sexa para a esfolia. As espigas que van ir para o hórreo límpanse de follas o vanse botando en cestos ou canastos e destes ao hórreo. Cando se recolle o millo os grans aínda non están enteiramente secos e así rematan por secar nesta construción.

As características funcionais máis importantes do hórreo fan deste unha construción especializada: unha cámara ou depósito onde non penetre a chuvia nin o sol, de planta rectangular, cunha lonxitude adaptada ás diferentes

colleitas, de xeito que aínda que as espigas sexan moitas, ao aumentar a lonxitude da planta dase cabida a todas e non se produce amon tonamento. No material das paredes da cámara practícanse fendas, para así permitir unha penetración do aire constantemente e repartida por toda ela, e ademais esta cámara érguese sobre unha base que a aille do chan, de maneira que a humidade do mesmo a afecte o menos posíbel.

*Os ocos de ventilación teñen unha importancia fundamental independentemente do material empregado.*





Ademais de secar o gran debe conservarse en boas condicións durante todo o tempo que este permañeza aquí gardado, e estas condicións son pois a redución da humidade e o mantemento dunha temperatura axeitada no interior; tanto para unha como para a outra, as regandixas de aireación así como a altura á que se instala a cámara, cumpren con esta finalidade. A colocación da porta nunha cara ou noutra non só depende da accesibilidade, senón tamén da dirección dos ventos para que ao permanecer esta aberta a aireación aumente. Tamén, pensamos, a amplitude da cuberta co beiril de dimensións considerábeis -desenvolvido en hórreos de áreas de moita insolación-, contribúe ao mantemento dunha temperatura non moi elevada no verán, ademais de protexer a cámara da chuva. A todo isto cumpre engadir tamén a maneira de gardar o froito que non é gran senón na propia espiga xa que o gran debullado é máis difícil de conservar, e por isto gárdase en espigas que deixan máis espazo entre delas e por tanto permiten unha mellor aireación.

A ausencia de roedores na cámara é tan importante que para isto tamén se encontrou solución: os tornarratos. Trátase duns elementos ou pezas situadas entre o soporte e a cámara, que sobresaen tanto dun como da outra e que impiden o acceso a esta dos ratos. A denominación tornarratos -unha de entre moitas, como máis adiante se verá- non pode ser máis elocuente.

A funcionalidade do hórreo obsérvase non só nos aspectos construtivos, senón tamén noutros como son a orientación e a situación dentro do complexo da casa. Estexa perto ou afastado da casa, a condición principal é que



*O tornarratos impide o acceso dos roedores aos hórreos.*

se reciba ben o aire, por tanto, non pode estar adosado a construción ningunha, nin á vivenda, nin tampouco quedar pechado entre varias construcións. Polo que respecta á orientación, é

unha cuestión non doada de precisar, pero xeneralizando poderíase dicir que deben estar orientados cara os ventos dominantes, mais os condicionantes para o emprazamento do hórreo son tantos (accesibilidade, practicidade para o seu uso, aireado, etc.) que non sería doada a súa disposición idónea no tocantes á orientación tendo en conta as características do hábitat galego.

A funcionalidade e o senso da estética desenvólvense amplamente no hórreo dunha maneira conxunta.



*Ademais de protexer o millo dos roedores, tamén se protexe dos paxaros.*



Isto acádase cunha combinación entre a especificidade das distintas pezas ou elementos que o integran, a armonía de proporcións, a combinación dos materiais construtivos, o tratamento dos mesmos, os elementos decorativos, ou a existencia duns elementos simbólicos e/ou ornamentais. Ven sendo, por tanto, un resultado por unha parte formal-funcional, ou sexa, das propias formas e proporcións do hórreo que, precisamente debido á súa funcionalidade, acadan un desenvolvemento peculiar; e por outra material, no senso da utilización axeitada dos materiais na súa construción.

Mais, ¿por que se acada no hórreo este resultado?. Son moitos os aspectos a ter en conta. Por exemplo, é unha construción especializada que para cumprir ben a súa función, cada elemento debe estar ben deseñado e isto lévanos a formas moi definidas e a proporcións que resultan harmoniosas. Ademais, os materiais utilizados deben ser coidados na mesma medida en que as formas, e quizais o máis importante: dada a importancia do millo na economía tradicional, a construción que o albergue debe reunir non só todas as cualidades até aquí mencionadas, senón que vai ser un exponente, un medidor social: a mellor e máis grande hórreo, a casa será máis rica.

O hórreo foi un indicador socioeconómico no mundo rural. O tipo de material e o seu traballo, as dimensións e mesmo os remates e elementos decorativos, poñen de manifesto cómo é a economía da casa ou que nivel hai na mesma, sempre falando de áreas onde o cultivo do millo é prioritario. O labrego sabe que vai ser considerado segundo a calidade do hórreo e o número de pés ou de tramos ou claros máis que pola casa, ou polas demais construcións adxectivas. Á hora de erguelo, sempre ten presente que as dimensións, en prin-

cipio, teñen que estar en función coa colleita, mais o material e o seu bon traballo van dar un valor adicional á construción, e por unha categoría determinada ao seu dono.

Pódese afirmar que os meirandes hórreos de Galiza pertenceron sempre ás rectorais das parroquias e algúns mosteiros, o que indica o secular predominio económico da Igrexa e concretamente do clero. As casas grandes ou pazos, tamén dispoñen de fermosos exemplos, aínda que nunca acadan o nivel dos da igrexa, quer por unha economía máis diversificada, quer por

*O tamaño e calidade constructiva do hórreo poñen de manifesto a economía da casa.*





un desenvolvemento histórico de súa economía máis irregular. Por veces, nunha mesma casa pode haber dous hórreos, pois a economía foi medrando e a colleita de millo aumentou; tamén pode ser que se amplíe o xa existente, e en ambos casos, tratase dunha casa forte.

En conclusión, o hórreo foi en si mesmo un símbolo, un marcador social en amplas zonas de Galiza, nas que o cultivo do millo ocupou un lugar preponderante.

Existen unhas pezas ou elementos que quizais



*Os remates, ¿símbolos de protección?,  
¿elementos ornamentais?..*

se encontren nunha relación máis directa con cuestións de simbolismo. Trátase dos remates que se colocan no cumio, nos dous extremos da cuberta. As formas ou figuras que representan son moi variadas: a máis repetida é a cruz, maiormente a latina se ben a grega de brazos iguais tamén aparece; outros son figuras piramidais, que van desde as máis estilizadas a xeito de bicos apuntados até as máis grosas e de escaso porte; moitas delas presentan na base estrangulamentos e molduras; outras formas son os círculos, campanarios, cálices, animais, etc.

O seu valor artístico é innegábel, mais con estas pezas encontrámonos perante o interrogante do seu significado, En primeiro lugar, obsérvase que en moitos casos estes remates están mellor traballados, ou con máis deteñemento e ornamentación que o resto do hórreo.

No hórreo é onde se conservou sempre unha parte moi importante da colleita do labrego na que fundamentou a súa economía; é por tanto un elemento ao que se adica extraordinaria atención, ao que se lle dá moita importancia. En consecuencia, quérese protexer iso tan importante que conserva no seu interior, e todo indica que foi por medio destes remates que se perseguiu sempre esa necesaria protección e seguridade para a colleita. Se é imprecación divina ou para escorrentar as meigas, ou mesmo o raio, está clara a intención: a protección do millo para que seque ben, se conserve en boas condicións e que non ocorra ningunha calamidade que derrame a colleita. Cruces aparecen nos carros, nas pedras de moer, nas lumieiras dos accesos aos muiños, nas cancelas que permiten o paso ás leiras, nalgún recanto da casa, etc.

Isto polo que respeita ás cruces, mais ¿que orixe poden ter as formas apuntadas e outras tantas que se representan? Algúns autores quixeron ver unha representación fálica relacionándoa coa fertilidade; outros opinan que non son máis que adornos... Tense tamén afirmado que son resultado dunha evolución dun elemento que ten orixe meramente funcional.



*A cruz tantas veces presente nos testeiros dos hórreos.*

O que está claro é que existe unha manifesta intención e interés por protexer o hórreo, e por tanto a colleita, de calquera axente que a poida danar. E non hai que esquecer que a igrexa tentou cristianizar lugares, elementos e obxectos considerados como pagáns ou polo menos supersticiosos ou susceptíbeis de selo, e que a nivel formal e material o plasmou con cruces. A cruz aparece en moitas das construcións e elementos da arquitectura popular, e a cruz sempre significa protección na relixiosidade oficial trasvasada á popular. Por tanto, se a igrexa puxo tanto interés por “cristianizar” o hórreo, puido-se deber a unha xeneralización no seu empeño, e dentro desta incluíu os hórreos case como medida preventiva, ou porque neles observou algunha crencia, manifestada nalgún símbolo, que así o aconsellaba. Do que consideramos non hai dúbida é que até épocas moi recentes - e mesmo se pode constatar na actualidade aínda que xa bastante esquecido-, a cruz no hórreo significou protección e que os outros remates é moi probábel tiveran relación co anterior.

O hórreo non resulta únicamente unha construción excepcional no que toca á súa arquitectura, senón que tamén noutros eidos como por exemplo no da etnolingüística o seu aporte é ben significativo. Esta aportación conséntase non só na denominación do hórreo en si, senón tamén en todos os seus elementos ou partes, pois en Galiza coñécense e empréganse unha moi ampla variedade de termos.

Hórreo é a denominación coñecida por toda Galiza e aplicada a todos os tipos, coa excepción dos cabaceiros de materiais vexetais e a dos hórreos tipo asturiano. Consátanse vinte dous nomes, dos que algúns son variantes:

*cabaceira/o caustra*  
*cabeceira/o celeiro*  
*cabiceira espigueiro*  
*cabás graneira*  
*cabazo hórreo*  
*cabozo horrio*  
*cabana/o palleira/o*  
*canasto plorno*  
*canastro paneira*  
*canizo sequeiro*  
*caroceiro*

Esta lista das denominacións sen máis precisa facer algúns comentarios para a súa explicación:

A palabra hórreo emprégase como única denominación nunha ampla área de Galiza, e é coñecida en todo o país aínda que se interpreta como nome castelán.



*Detalle dun hórreo tipo asturiano do Piornedo. Este tipo de hórreos reciben o nome de Horro.*

Cabazo designa a tipoloxías moi diferentes, e tamén diferentes son as áreas nas que se recolle, así como a pronuncia: con seseo na área occidental [kabáso] e coa pronuncia [kabaØo].

Cabaceira, cabeceira, cabiceira: empréganse nunha mesma área e son variantes na pronuncia dunha mesma palabra.

Cabaceiro: dá nome a un tipo diferente do anterior e nunha área tamén diferente. Non se constata en feminino.

Canastro, canasto, espállase pola área suroccidental de Galiza. Canastro está amplamente constatado, mentras que canasta só está recollido da bibliografía.

Piorno e canizo son exemplos de denominacións utilizadas en áreas moi delimitadas e de reducida extensión.

En termos xerais, quizás se poida afirmar que esta riqueza no léxico relativo ao hórreo se deba máis a variantes no léxico por zonas ou variantes dialectais, que a unha correspondencia denominación-tipoloxía. Esta relación ou correspondencia, por contra, pódese observar nalgúns casos entre os grandes grupos, ou sexa entre os cabaceiros de materiais vexetais, os de tipo asturiano e os expostos até aquí. Por exemplo, o hórreo de planta cadrada tipo asturiano recibe a única denominación de horro e mentres recibe esta denominación, na mesma zona outro tipo de hórreo co que simultánea recibe a de cabazo.

Os realizados con materiais vexetais, de características construtivas moi diferenciadas -como



vinos con anterioridade-, non son coñecidos como hórreos, senón con outras denominacións tamén utilizadas para o grupo que formamos coa asociación de todas as demais tipoloxías do hórreo galego, e que tratamos máis arriba.

*-cabaceira/o*  
*-cabeceira/o*  
*-cabiceira*  
*-cabazo*  
*-canasto*  
*-canastro*  
*-palleira*

O mesmo que para o hórreo como unidade, os elementos ou partes que o conforman preséntanse asimismo con grande variedade nas denominacións.

Os elementos de sustentación son unhas pezas



*Hórreo con celeiro.*

ben diferenciadas e importantes mais non son, porén, os que maior riqueza de denominacións presentan:

*-pés.* Son as columnas. Tamén se recollen *pé dereito, pegollo...*

*-cepas.* Os muretes transversais.

*-celeiro.* O elemento de sustentación que consiste nun espazo enteiraente pechado. Constátase algunha variante, por exemplo *suleiro*.

Os elementos que impiden o acceso dos roedores á cámara e que están entre os anteriores e ésta, rexistran un maior número de nomes, e obsérvase que en moitos casos se diferencian segundo o tipo. Así, algúns deles:

*-mó, moa, capa e tornarratos.* Individuais, un para cada pé.

*-rateira/o, tornarratos/as, lousa, lousada, mesa, mesa do pé, rodo.* Son os que se dispoñen transversalmente sobre dos pés ou das cepas, e corridos sobre o celeiro.

Outras das moitas pezas ou elementos que compoñen o hórreo e cos que se forma concretamente a cámara, tamén son denominados de moi diversas formas. Como exemplos, os seguintes:

A base da cámara presenta unha factura diferente segundo as tipoloxías. Sen facermos distingos entre dunhas e doutras, observamos as seguintes denominacións: *clavadeira/cravadeira, grade, grado,*

*mesa/mesa do hórreo, pontes, testeiro, trabe/trabeiro, traveso, viga, xugo, zanca.*

Cada espazo da parede da cámara que queda delimitado por unha columna vertical, recibe os nomes de *tramo, claro, estremas.*

O remate das paredes estreitas sobre a cuberta, ofrece denominacións moi diversas: *arcabau, albardilla, copia, cornisa, cume, penal, pinche, pinchón, soborpena, sopena, sobrepena, testeiro, topete.*

Os remates apuntados e que tan comunmente presentan os hórreos galegos, maiormente nalgunhas tipoloxías, pódense chamar *aguión, fraile, bico, lampeón, lampión, pendón, remate.*

Vemos pois, como as denominacións evidencian e confirman esta diversidade que caracteriza ao hórreo como elemento importante da nosa arquitectura popular. As denominacións, as formas, as proporcións, o tratamento dos materiais, os elementos simbólicos, os ornamentais, a situación no hábitat e na paisaxe galega, etc., todos estes aspectos acadan no hórreo unha grande expresión que a convirten na mostra senlleira da arquitectura da produción que o campesiño desenvolveu ao longo de séculos.